



Prólogo

Prologue

PRÓLOGO

Estamos inmersas nunha nova revolución e debemos asegurarnos que este novo universo dixital sexa máis xusto. Para iso precisamos diagnoses desde unha ollada feminista que nos leve no sentido dun mundo máis igualitario. O actual contexto de hiperconectividade e o fenómeno do "capitalismo de vixilancia", tal e como indica a socióloga norteamericana Shoshana Zuboff (2020), xunto co auxe da economía da atención, transformaron as plataformas dixitais en actores clave que están a configurar unha "nova orde mundial" en todos os ámbitos da sociedade.

Inicialmente concibidos para democratizar o diálogo e fomentar o intercambio entre iguais, os espazos virtuais derivaron en ecosistemas marcados por contidos cheos de nesgos de xénero e sexismo. As relacións sociais e humanas están agora profundamente mediadas por plataformas que se lucran coas interaccións humanas mediante a economía de datos e a publicidade automatizada, modelo que, segundo autoras como a economista Mariana Mazzucato (2024), ten un impacto social e ambiental de gran alcance.

Os conglomerados tecnolóxicos priorizan interaccións que maximizan beneficios, mesmo promovendo contidos que perpetúan desigualdades, como a obxectivación das mulleres e o acoso. Este ecosistema virtual reforza estereotipos sexistas e facilita un clima hostil, afectando profundamente ás mulleres e erosionando os valores democráticos, tal como sinala a periodista inglesa Laurie Penny, (2013). Ademais, a infrarrepresentación feminina nos campos STEM e na intelixencia artificial agrava a exclusión das mulleres das decisións clave, mentres os algoritmos perpetúan dinámicas de poder que ameazan as democracias. As plataformas dixitais, que operan baixo modelos económicos baseados na economía de datos e na atención, priorizan contidos impactantes, mesmo cando promoven odio ou monetizan a misoxinia, perpetuando desigualdades e fomentando un clima hostil que afecta profundamente ás mulleres.

A infrarrepresentación feminina nos campos STEM e na intelixencia artificial exclúe ás mulleres dos espazos onde se toman decisións clave. Os algoritmos tamén reforzan mitos sexistas e a obxectivación, alimentando estruturas autoritarias e erosivas para as democracias.

Desde Galicia, a Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo traballa para promover unha análise crítica sobre o impacto dixital nas mulleres. Neste contexto, impulsouse a creación da revista **Gender on Digital. Journal of Digital Feminism**, que busca xerar e difundir coñecemento científico de excelencia arredor das transformacións sociais derivadas da dixitalización. Esta publicación, liderada por un comité científico composto por expertas internacionais, nacionais e galegas, serve como ferramenta para consolidar unha epistemoloxía feminista no ámbito sociotecnolóxico.

A revista conta cun comité científico conformado polo Comité de Sabias da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, un excelente conxunto de expertas con presenza internacional, estatal e galega no ámbito dos estudos críticos das tecnoloxías. A Universidade de Vigo, a través do Servizo de Publicacións da Vicerreitoría de Investigación e da Unidade de Igualdade, esta a colaborar no desenvolvemento e xestión da mesma.

Este segundo volume, titulado **“Estratexias de hackeo ao sistema dixital patriarcal”**, pretende reflexionar sobre as resistencias ante unha internet máis ética e equitativa, que non monetice a “misoxinia” a través da dixitalización do sistema porno-prostitucional e onde as mulleres, como a metade da humanidade, participen activamente no deseño deste ecosistema virtual, onde os movementos sociais e as comunidades marxinadas recuperen o seu protagonismo en favor dunha internet ao servizo do ben común, da democracia e dos dereitos humanos. Este número inclúe traballos de investigación aplicada e de desenvolvemento teórico, análise sociopolítica, recensións bibliográficas de recente actualidade, notas técnicas e, eventualmente, estudos de casos que, pola súa relevancia, merecen unha especial atención. En definitiva, este segundo número reúne os resultados dalgunhas achegas científicas desenvolvidas no segundo workshop da cátedra titulado «Hackeando ao patriarcado», onde se abordou a alarmante desigualdade de xénero nos ámbitos laborais relacionados coa economía dixital, que coloca ás mulleres nun escenario moi precario de cara a un futuro no que a tecnoloxía terá cada vez maior peso sociopolítico e económico nas nosas sociedades. Se non conseguimos corrixir esta realidade, as mulleres corremos o risco de ser excluídas dos espazos onde se van tomar as decisións máis importantes para o planeta nos próximos anos. Tamén se inclúen os resultados de varias das investigacións desenvolvidas ese ano financiadas pola propia Cátedra, ademais da participación doutras expertas con artigos de fondo interese. Este número contén no apartado de «Monografías» unha colaboración excepcional da periodista e pioneira no Hacktivism feminista, Monserrat Boix. No seu artigo,

titulado **“Patriarcado y tecnología. Seguimos en la lucha”**, aborda o papel do ciberfeminismo social e o hacktivismo feminista, nados hai dúas décadas para desafiar o patriarcado desde as TIC, e que hoxe enfróntanse a un contexto onde as tecnoloxías dixitais perpetúan desigualdades, sexismo e prexuízos de xénero na IA, nun marco de crisis ecolóxica e conflitos bélicos globais, coa complicidade dos titáns tecnolóxicos. A pesar dos retos, o ciberfeminismo segue loitando polos dereitos de cidadanía das mulleres, na actual era de capitalismo e patriarcado dixital.

Na sección Investigación, inclúense artigos como o de Teresa Piñeiro Otero (UDC) e Xabier Martínez Rolán (UVigo), titulado **“Interacciones digitales y desigualdad de género: Un estudio sobre el uso de Instagram entre estudiantes universitarios”**, que analizan as interaccións en Instagram entre estudantes universitarios desde unha perspectiva de xénero e elaboran unha descrición dos imaxinarios de xénero que se representan nas fotografías de Instagram vencelladas aos espazos virtuais desenvolvidos pola mocidade galega.

Neste mesmo apartado, a investigadora Andrea García Rodríguez, en colaboración coa Asociación Faraxa, presenta un interesante artigo titulado **“La digitalización de la industria de la explotación sexual: Un estudio exploratorio sobre el fenómeno del sugardating en España”**, unha interesante exploración sobre o fenómeno do *sugardating* no Estado español a través dunha análise etnográfico dixital, no que conclúe que este fenómeno esta a xerar un impacto significativo en mulleres novas e homes adultos, indicando que a dixitalización está a favorecer o crecemento e a expansión da industria da explotación sexual e do denominado “patriarcado dixital”.

A sección de «Miscelánea» confórmana tres textos de moito interese. A investigadora uruguaya Ana Laura Surroca Furtado presenta o texto titulado **“Romper el silencio. Análisis discursivo de las denuncias de violencia contra las mujeres bajo el #MeLoDijeronEnLaFmed”** onde aborda a vaga de denuncias de violencia contra as mulleres que se viralizou en Uruguai en agosto de 2020, destacando o caso do *hashtag* #MeLoDijeronEnLaFmed, que visibilizou a violencia sufrida particularmente na Facultade de Medicina da Universidade da República de Uruguay, e onde se conclúe que, aínda que as redes sociais axudan a visibilizar formas de opresión e dominación, o seu impacto transformador depende da capacidade das institucións para implementar leis e políticas que promovan un cambio real e duradeiro.

Esta sección tamén conta cun artigo moi complementario respecto á investigación anterior presentada por Andrea García, elaborado pola comunicadora Cristina Asensi Rodríguez e o profesor Xabier Martínez Rolán, titulado **“Feminismo en la era digital: Movilización, resistencias y la contrarreacción antifeminista en redes sociales”**, explora como os movementos feministas aproveitaron as redes sociais como ferramentas clave para a mobilización, visibilización de inxustizas e articulación de resistencias colectivas. Analízanse campañas virais, como o #MeToo, que permitiron poñer

o foco en problemáticas como o acoso e a violencia de xénero, así como a súa capacidade para influír en axendas políticas e culturais. Ao mesmo tempo, o estudo aborda a crecente contrarreacción antifeminista nestes mesmos espazos dixitais, caracterizada pola proliferación de discursos de odio, ciberacoso e desinformación. O artigo conclúe destacando a necesidade de reforzar as estratexias dixitais feministas e avanzar na regulación das plataformas tecnolóxicas para frear a impunidade das dinámicas misóxinas, subliñando o papel fundamental das redes sociais como campo de batalla simbólico entre as demandas feministas e as resistencias patriarcais.

O artigo **“Internet, pornografía y adolescencia: una revisión bibliográfica”** de Carmen Mariño Martínez completa a Miscelánea deste volume cunha reflexión sobre como o consumo de pornografía ten aumentado de forma moi notable coa chegada de internet aos fogares, e parece afectar especialmente á poboación adolescente, con idades de inicio de consumo de pornografía entre os 10 e os 13 anos. Como contrapunto a esta problemática, propónse como ferramenta mellorar a educación sexual.

Finalmente, este número remata coa recensión de dous libros fundamentais dentro da reflexión crítica sociotecnolóxica, elaborados polo profesor de filosofía da Universidade de Santiago de Compostela e experto en cultura e ética *hacker*, Alberto Quian, o libro **“Las redes son nuestras”** (2024), da xornalista Marta G. Franco, analiza como as grandes corporacións tecnolóxicas transformaron internet e as redes sociais en ferramentas de control, explotación e vixilancia. A autora denuncia a apropiación capitalista e patriarcal destes espazos, dominados por unha elite masculina e occidental que perpetúa desigualdades. Desde unha perspectiva feminista, *hacktivista* e decolonial, reivindica a creación de espazos dixitais autoxestionados, inclusivos e colaborativos, inspirados en iniciativas como os *hacklabs* e *hackmeetings* e propón unha internet máis ética e diversa, onde os movementos sociais e as comunidades marxinalizadas recuperen o control.

A segunda recensión, asinada pola xornalista Ana García Liste e publicada no xornal Praza Pública, aborda o libro **“Hackeamos ao patriarcado: unha análise do machismo dixital”** (2024), editado por Galaxia. Esta obra, coordinada por Soledad Torres Guijarro, profesora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo, reúne os traballos de máis de vinte investigadoras e investigadores. Publicado na colección Feminismos da Editorial Galaxia, o volume recompila sete investigacións sobre o machismo na rede, das cales catro foron realizadas no marco da Cátedra Feminismos 4.0 da UVigo, cofinanciada pola Deputación de Pontevedra. O libro reflexiona, entre outras cuestións, sobre como a configuración das redes sociais favorece os comentarios machistas, nunha dinámica que, segundo o estudo, responde a unha intención deliberada por parte dos creadores destas plataformas.

Vivimos nunha profunda transformación social impulsada pola omnipresenza das novas tecnoloxías da información no noso día a día. É fundamental traballar para que este entorno dixital se configure de maneira máis xusta, adoptando unha perspectiva feminista que nos conduza cara unha sociedade centrada no ben común, máis igualitaria e equitativa.

Equipo Directivo da Revista GENDER ON DIGITAL

